



PROTOCOLO DE ACTUACIÓN E REGULAMENTO DE RÉXIME INTERNO

Programa de atención psicolóxica a mulleres e menores que sofren violencia de xénero, e complementariamente a outras persoas do seu entorno familiar que vivan ou padezan situacións de violencia de xénero (PAPMVX)

Programa de atención psicolóxica a homes con problemas de control de violencia no ámbito familiar: "Abramos o Círculo"

ÍNDICE

CAPÍTULO 1: REGULAMENTO.

1. Definición e obxectivos dos Programas.
2. Regulamento Interno dos Programas.
 - 2.1. Criterios de entrada na listaxe xeral de profesionais non derivables.
 - 2.2. Criterios de acceso ao grupo de derivacións de profesionais da Psicoloxía acreditados especializados e especializadas.
 - 2.3. Proceso de entrada nos Programas.
 - 2.4. Proceso de entrada na listaxe de derivacións dos Programas.
 - 2.5. Dereitos e Deberes dos e das profesionais da Psicoloxía.
 - 2.6. Baixa nos Programas.
 - 2.6.1. Baixa temporal.
 - 2.6.2. Baixa definitiva.

CAPÍTULO 2: PROTOCOLO.

1. Protocolo de Activación da Demanda.
2. Condicións e Criterios do Proceso Terapéutico.
3. Metodoloxía da Intervención.
 - 3.1. Fases da Intervención:
 - Avaliación pretratamento coas entrevistas ou similares e os instrumentos que se determinen.
 - Intervención terapéutica.
 - Avaliación postratamento, mesmos instrumentos que na fase de pretratamento.
 - Seguimento.
 - 3.2. Principios desde os que intervir.
4. Intervencións coordinadas con outros Servizos.
 - 4.1. Protocolo GIPCE-PAPMVX para situacións de asasinato por violencia de xénero.

4.2. Protocolo de Actuación para a Atención Psicolóxica con Intérprete de Lingua de Signos Española para Persoas Xordas e Xordocegas.

5. Estrutura da Intervención, Facturación e Aspectos Económicos: Materiais de coordinación e Materiais para o/a profesional da Psicoloxía.

CAPÍTULO 1: REGULAMENTO.

1. DEFINICIÓN E OBXECTIVOS DOS PROGRAMAS.

Programa de atención psicolóxica a mulleres e menores que sofren violencia de xénero, e complementariamente a outras persoas do seu entorno familiar que vivan ou padezan estas situacións de violencia de xénero (PAPMVX).

O programa de atención psicolóxica especializada desenvólvese desde o ano 2004 no marco dun convenio de colaboración entre a Xunta de Galicia e o Colexio Oficial de Psicología de Galicia.

A súa finalidade é ofrecer recursos terapéuticos que abran vías de recuperación emocional a aquelas mulleres que viven ou viviron situacións de violencia de xénero, aos seus fillos e ás súas fillas e outras persoas do núcleo familiar directo.

O seu acceso é totalmente gratuito. Trátase dun programa de carácter voluntario, exento de medidas xudiciais ou administrativas que obriguen ou recomenden á persoa usuaria a realizar algún tipo de programa terapéutico.

A través deste programa ponse á súa disposición unha rede de profesionais da psicología debidamente acreditados e acreditadas, con formación específica e especializada que dan unha atención de calidade e unha resposta inmediata (nas primeiras 24-48 horas tras a asignación do caso).

A atención levase a cabo no lugar máis próximo ao domicilio da persoa e o acceso é gratuito.

Sendo os obxectivos fundamentais:

- Ofertar recursos terapéuticos que abran vías de recuperación ás mulleres vítimas de violencia de xénero, os seus fillos e fillas e outras persoas do seu entorno.
- Facilitar o acceso rápido e gratuito, a unha atención psicolóxica especializada e coordinada co resto de dispositivos e axentes sociais que están a intervir.
- Facilitar o proceso de recuperación da persoa, así como a integración da experiencia vivida e desde ese lugar poder tomar decisións de xeito máis libre.
- Contribuír a xerar coñecemento experto acerca do problema da violencia de xénero e o seu tratamento.
- Sensibilizar á poboación en xeral acerca das raíces e do impacto da violencia nas persoas que a sofren e nas que a exercen.

- Asistir ás e aos afectados, nos diferentes escenarios das situacións de emerxencia, cando sucede un asasinato por violencia de xénero.
- Non se atopan entre os obxectivos do Programa a valoración, avaliación ou análise das persoas usuarias, da súa condición, ou da súa relación con outras persoas; en cumprimento do Artigo 29 do Código Deontolóxico da Psicoloxía, xa que trata única e exclusivamente dun programa de atención terapéutica cos obxectivos anteriormente mencionados.

Programa de atención psicolóxica a homes con problemas de control e violencia no ámbito familiar: “Abramos o Círculo”.

Este é un programa de atención psicolóxica especializada e de apoio, financiado pola Xunta de Galicia desde o ano 2001; ofrecendo atención psicolóxica a homes que queren dotarse de ferramentas para resolver conflitos sen violencia e a comunicarse mellor coa súa familia e parella. O seu acceso é totalmente gratuíto. Trátase dun programa de carácter voluntario, exento de medidas xudiciais ou administrativas que obriguen ou recomenden ao usuario a realizar algún tipo de programa reeducativo.

Este programa está destinado a usuarios con actitudes inadecuadas nas relacións coa súa parella e familia, e desexan adquirir novos modos de relacionarse exentos deste tipo de actitudes.

Sendo os obxectivos fundamentais:

- . Previr a violencia de xénero.
- . Ofrecer información e terapia psicolóxica a homes que queiran aprender a resolver conflitos sen violencia e a comunicarse mellor coa súa familia e coa súa parella.
- . Aprender a resolver conflitos sen violencia e a comprender a natureza da violencia.
- . Aprender a comunicarse mellor.
- . Relacionarse coa contorna familiar con respecto e igualdade.
- . Educar os seus fillos e fillas en igualdade creando vínculos sans e seguros.
- . Asumir hábitos positivos de relación e convivencia.

Non se atopan entre os obxectivos do Programa a valoración, avaliación ou análise das persoas usuarias, ou da súa relación con outras persoas; en cumprimento do Artigo 29 do Código Deontolóxico da Psicoloxía, xa que trata única e exclusivamente dun programa de atención terapéutica cos obxectivos anteriormente mencionados.

2. REGULAMENTO INTERNO DOS PROGRAMAS.

Nos programas obxecto deste regulamento existen dúas listaxes de profesionais da psicoloxía:

- Unha listaxe xeral de profesionais non derivables.
- Unha listaxe de profesionais da Psicoloxía aos que se lles derivan usuarias e usuarios dos nomeados Programas. Dentro deste grupo existen profesionais da Psicoloxía que para poder atender a menores, deben cumprir criterios específicos que se nomearán no apartado 2.2.

2.1. CRITERIOS DE ENTRADA NA LISTAXE XERAL DE PROFESIONAIS NON DERIVABLES.

- Posuír o título de Psicoloxía (licenciatura ou grao).
- Estar colexiado/a no Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia, ao corrente das cotas colexiais e non estar incapacitado xudicial ou deontoloxicamente para o exercicio da profesión.
- Contar con habilitación sanitaria, co Máster Xeral Sanitario, ou ser especialista en Psicoloxía Clínica.
- Cumprir os requisitos legais para o exercicio da psicoloxía sanitaria.

As persoas admitidas nesta listaxe dos Programas non terán dereito a acudir a xuntanzas de internas de traballo. No suposto de formacións con aforo limitado, terán prioridade as persoas pertencentes á listaxe de profesionais da Psicoloxía derivable.

Establécese un período máximo de 3 anos de pertenza ao grupo de profesionais non derivables. No suposto de superar este período sen que a persoa interesada solicite a súa inclusión na listaxe de profesionais da Psicoloxía derivables ou a súa baixa voluntaria, producirase a baixa no Programa.

2.2. CRITERIOS DE ACCESO AO GRUPO DE DERIVACIÓNS DE PROFESIONAIS DA PSICOLOXÍA ACREDITADOS ESPECIALIZADOS E ESPECIALIZADAS.

- Cumprir en todo momento os requisitos establecidos no apartado 2.1.
- Ser titular ou estar vinculado a un centro sanitario físico.
- Estar en disposición de poder facturar.
- Ter contratado un seguro de responsabilidade civil profesional.

- Contar cun mínimo de experiencia profesional acreditada de tres anos en psicoterapia, non sendo computable a experiencia adquirida en prácticas ou voluntariado.
- Compromiso de dispoñibilidade e de intervención.
- Compromiso de asistencia ás actividades específicas organizadas polos programas.
- Estar ao día no cumprimento das sancións que puidera ter relacionadas co exercicio da profesión.
- Cumprir o resto de requisitos fiscais e legais aos que veñan obrigados/as pola normativa vixente.
- Ter acreditada formación especializada nas áreas de:
 - Xénero e igualdade: mínimo 20 horas.
 - Violencia de xénero: mínimo 50 horas.
 - Trauma: mínimo 50 horas.
 - Poboación vulnerable, en risco ou exclusión social: mínimo 20 horas.

Esta formación ten que ser acreditada e xustificada documentalmente, non computando a cursada na Licenciatura ou Grao de Psicoloxía, e deberá de proceder de formación acreditada, asistencia a xornadas e congresos. Enténdese por formación acreditada aquela impartida por organismos oficiais ou recoñecidos polo seu labor docente.

- Compromiso de dispoñibilidade e de intervención.
- Compromiso de asistencia ás actividades específicas organizadas polos Programas.
- Estar ao día no cumprimento das sancións que puidera ter relacionadas co exercicio da profesión.
- Cumprir os requisitos legais para o exercicio da profesión.
- Cumprir o resto de requisitos fiscais e legais aos que veñan obrigados/as pola normativa vixente.
- Asistencia obrigatoria á formación inicial.

Unha vez comprobado o cumprimento dos requisitos e trala aceptación dos deberes e compromisos de funcionamento, a psicóloga ou psicólogo entrará a formar parte do dispositivo.

LISTAXE DE DERIVACIÓN CON MENORES

Ademais de todos os requisitos establecidos no apartado anterior e pertencer á listaxe de derivación para atención a mulleres:

- Posuír unha formación acreditada, específica e xustificada en infancia e adolescencia vinculada a temas de violencia de polo menos 100 horas.
- Certificado negativo de antecedentes de natureza sexual.
- 3 anos de experiencia acreditada en psicoterapia con menores.

2.3. PROCESO DE ENTRADA NOS PROGRAMAS.

O proceso de entrada de todos e todas aquelas psicólogas que soliciten a súa entrada nos Programas descríbese a continuación:

- 1º. Envío da solicitude de entrada por escrito ao Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia.
- 2º. Resposta da secretaria do Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia confirmando a entrada no Programa, de cumprirse os requisitos.
- 3º. Envío do documento de vinculación á secretaria do COPG.
- 4º. Inclusión do/a nova profesional da Psicoloxía na listaxe dos Programas.

2.4. PROCESO DE ENTRADA NA LISTAXE DE DERIVACIÓNS DOS PROGRAMAS.

- 1º. Envío de toda a documentación que acredite que se cumpren os criterios de acceso ao grupo de derivación (véxase punto 2.2).
- 2º. Resposta da coordinación dos Programas confirmando o cumprimento dos requisitos legais, formativos e de experiencia para o acceso ao grupo de grupo de derivacións.
- 3º. Xuntanza informativa dos novos e novas profesionais da Psicoloxía.
- 4º. Inclusión dos novos e novas profesionais da Psicoloxía na listaxe de derivacións.

2.5. DEREITOS E DEBERES DOS E DAS PROFESIONAIS DA PSICOLOXÍA.

- Recibir a certificación oportuna por parte do COPG, da súa vinculación ao Programa e da actividade específica desenvolvida.
- Renunciar á inclusión, interrompendo así a súa participación no Programa, previo aviso ao COPG cun mes de antelación.
- Contar co respaldo e fomento do COPG para a realización de investigacións e publicacións sobre o campo da intervención do Programa.
- Participar gratuitamente nos cursos e reunións especializadas que se declaren de participación obrigatoria para os membros acreditados no Programa, segundo establecido no convenio asinado coa Xunta de Galicia. Naqueles

supostos de formación con aforo limitado, terán preferencia os e as profesionais da Psicoloxía da listaxe de derivables.

2.5.1. DEREITOS DOS E DAS PROFESIONAIS DA PSICOLOXÍA DERIVABLES.

Ademais dos especificados no apartado anterior:

- Percibir como ingresos por sesión o importe marcado nos convenios asinados coa Xunta de Galicia. A facturación realizarase ao Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia. A atención psicolóxica será gratuíta para as persoas usuarias dos Programas.
- Sempre que o demanden, recibírase asesoramento do COPG, nos aspectos éticos e dimensións legais que puideran derivarse das súas intervencións en cada caso.
- Recibir a certificación oportuna por parte do COPG, da súa vinculación ao Programa e da actividade específica desenvolvida.
- Renunciar á acreditación, interrompendo así a súa participación no Programa, previo aviso ao COPG cun mes de antelación.
- Solicitar a baixa temporal ou definitiva do/s Programa/s en calquera momento (ver 2.6).
- Contar co respaldo e fomento do COPG para a realización de investigacións e publicacións sobre o campo da intervención do Programa.
- Participar gratuitamente nos cursos e reunións especializadas que se declaren de participación obrigatoria para os membros acreditados no Programa, segundo establecido no convenio asinado coa Xunta de Galicia.

2.5.2. DEBERES DOS E DAS PROFESIONAIS DA PSICOLOXÍA.

- Cumprir os obxectivos e procedementos especificados no Protocolo, preservando deste modo a natureza e principios de actuación de ambos Programas.
- Non publicitarse reflectindo a súa participación nos Programas.
- Aportar a información necesaria á coordinación dos Programas cando lle sexa requirida.
- Informar, de ser o caso, de se deixan de cumprir algúns dos criterios que facilitaron a inclusión no Programa.
- Renovar a súa vinculación cos Programas, anualmente, coincidindo coa renovación do convenio.

- Cumprir cos requisitos para acceder á listaxe de profesionais da Psicología derivables nun período máximo de 3 anos.
- En caso de non cumprir cos deberes recollidos neste regulamento, a responsabilidade final das consecuencias derivadas de dito incumprimento correrán a cargo do/a profesional da Psicología responsable.

2.5.3. DEBERES DOS E DAS PROFESIONAIS DA PSICOLOXÍA PERTENCENTES ÁS LISTAXES DE DERIVACIÓN.

Ademais dos especificados no apartado anterior:

- Cumprir os obxectivos e procedementos especificados no Protocolo, preservando deste modo a natureza e principios de actuación de ambos Programas.
- Levar a cabo as sesións asignadas para cada caso de maneira presencial e na consulta asignada que aparece inscrita na listaxe do COPG que estará debidamente acreditada cumprindo os requisitos legais para o exercicio da profesión.
- Utilizar e manter plenamente actualizada toda a información precisa no portelo dos Programas.
- Iniciar a atención psicolóxica entre as 24 e 48 horas desde o momento da asignación de caso.
- Cumprir co compromiso de dispoñibilidade e de intervención, non podendo rexeitar casos máis de seis meses consecutivos.
- Naquelas situacións nas que o/a profesional da Psicología detecte na súa consulta a un/a potencial usuario/a dos Programas, pode informalo/a da existencia deste recurso gratuíto e do modo de acceso ao mesmo, así mesmo unha vez recadada a correspondente autorización da persoa interesada, o/a profesional da Psicología informará desta circunstancia á coordinación dos Programas, para que recadar a información pertinente directamente do usuario ou usuaria.
- Facturar, segundo o procedemento establecido anualmente cando se produza unha cita presencial terapéutica.
- Tratar a todas as persoas con equidade e sen discriminación, actuando con bondade cara os demais, así como evitar causar dano ou prexuízo a outros, mantendo os compromisos vinculados á profesión e ao proceso terapéutico da persoa.
- Con carácter de urxencia, darán conta ao coordinador ou coordinadora de toda aquela información que puidera ser relevante na orde de evitar posibles danos a terceiros.
- Asistencia a un mínimo do 80% do Programa formativo anual proposto desde a coordinación dos Programas. Anualmente poderanse acreditar horas formativas e de supervisión impartida ou recibida, sempre que esta sexa de natureza vinculada á temática dos Programas e conste que se levou a cabo nese mesmo ano.
- Son innatas a estas obrigas as propias da Psicología: emisión de informes, absterse de intervir en caso de conflito/intereses...

- En caso de non cumprir cos deberes recollidos neste regulamento, a responsabilidade final das consecuencias derivadas de dito incumprimento correrán a cargo do/a profesional da Psicoloxía responsable.

2.6. BAIXA NOS PROGRAMAS:

- Por solicitude da persoa interesada: comunicará a súa solicitude por escrito á Secretaría do Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia.
- Por incumprimento dalgún dos requisitos e obrigas establecidos no presente regulamento.
- Por falta de implicación e compromiso cos Programas e con cada proceso terapéutico.

A baixa nos Programas poderá ser temporal ou definitiva.

Baixa nas listaxes de derivación:

2.6.1. Baixa temporal.

- A petición da persoa interesada: presentando por escrito a solicitude e os motivos da baixa á coordinación do correspondente Programa a través do COPG. Esta baixa non excederá de doce meses, converténdose esta baixa temporal en definitiva se non é solicitada a súa reincorporación.
- Cando se produza o incumprimento dalgún dos criterios de entrada e mantemento nas listaxes. Poderá solicitar a reincorporación acreditando o seu cumprimento.

2.6.2. Baixa definitiva.

- A petición da persoa interesada: esta comunicará por escrito dirixido á coordinación do Programa correspondente, a través do COPG, a súa vontade de causar baixa definitiva.
- Se deixa de estar vixente algún dos criterios de entrada e mantemento nos Programas de modo indefinido e/ou definitivo.
- En ambos supostos, os e as profesionais da Psicoloxía estarán obrigadas a rematar aquelas intervencións que estiveran pendentes de finalizar; así como a participar na axeitada derivación dos usuarios e/ou usuarias do Programa.
- Por incumprimento dos deberes e obrigas establecidos no presente regulamento.
- Por ser sancionado ou sancionada en firme pola Comisión de Ética e Deontoloxía, ou ser inhabilitado/a para o exercicio profesional.

CAPÍTULO 2: PROTOCOLO.

1. PROTOCOLO DE ACTIVACIÓN DA DEMANDA.

As persoas contactan cos Programas a través de diferentes vías:

- Servizos da comunidade (CIMs, centros de saúde, fiscalía, servizos sociais, centros de ensino, corpo se forzas de seguridade, organismo competente da Xunta de Galicia, outros dispositivos, outros/as profesionais, etc...).
- Coñecen a existencia do Programa.
- Familiares, amizades, medios de comunicación, etc...

1.1. PAPMVX

1. A solicitude realizarase a través do portelo <https://colexio.copgalicia.gal/solicitude> cumprimentando o formulario ao efecto e axuntando a documentación acreditativa preceptiva.

De non existir medida de protección do tipo afastamento ou sentenza condenatoria no último ano natural á solicitude, ao ser necesario o informe acreditativo da condición da muller como vítima de violencia de xénero, necesitarase a aprobación por parte do organismo competente da Xunta de Galicia.

2. Unha vez a coordinación corrobore o cumprimento dos requisitos para a inclusión, poñerase en contacto coa muller para levar a cabo a entrevista de acollida telefónica.

3. Derivación ao/á profesional da Psicoloxía correspondente.

1.2. ABRAMOS O CÍRCULO

1. Contacto telefónico do usuario coa coordinación. A demanda de atención debe ser explicitada polo propio usuario para garantir un mínimo de implicación no tratamento.

3. Entrevista telefónica de acollida onde se valora o cumprimento dos criterios de inclusión, e de ser o caso, recollida dos datos necesarios para a súa derivación ao/á profesional da Psicoloxía correspondente.

4. Derivación ao/á profesional da Psicoloxía correspondente.

1.3. ASPECTOS COMÚNS A AMBOS PROGRAMAS

A asignación do/a profesional da Psicoloxía levarase a cabo no momento en que remata a fase de acollida, a coordinación dos Programas contacta co/coa profesional da Psicoloxía da localidade onde reside a persoa ou a máis próxima. A/O profesional da Psicoloxía asignado será a seguinte na listaxe da última asignación realizada. Se o/a profesional da Psicoloxía non responde ou non devolve a chamada nas 4 horas seguintes, a coordinación dará paso ao/á seguinte profesional da Psicoloxía da listaxe.

2. CONDICIÓN E CRITERIOS DO PROCESO TERAPÉUTICO.

2.1. Inclusión: A persoa que cumpra os requisitos entra no Programa e asígnaselle profesional da Psicoloxía.

PAPMVX

- Mulleres, menores, persoas do entorno directo (proxenitores, fillos maiores de idade, etc...).
- Residir en Galicia.
- Ter presentado denuncia e dispoñer de medida cautelar (orde de protección do tipo afastamento vixente no momento da solicitude de entrada) e/ou sentenza firme condenatoria dentro do último ano natural á solicitude.
- Ter presentado denuncia e non dispoñer de medida cautelar (orde de protección do tipo afastamento) e acreditar a situación de violencia de xénero a través de CIM, servizos sociais, médica/o de atención primaria, Xunta de Galicia, xulgado, etc...
- Non ter denuncia, e acreditar a situación de violencia de xénero a través de CIM, servizos sociais, médica/o de atención primaria, Xunta de Galicia, xulgado, etc...
- Non estar a recibir atención psicolóxica noutro servizo.
- Non convivir actualmente co presunto agresor. Retomar a convivencia é causa de abandono inmediato do Programa.

Abramos o Círculo

- Ser home e maior de idade.

- Residente en Galicia.
- Non estar incurso en proceso penal por violencia de xénero no momento da solicitude.
- A demanda de atención debe ser explicitada polo propio usuario para garantir un mínimo de colaboración no tratamento. Os cales desexen: aprender a resolver conflitos sen violencia e a comprender a natureza da violencia; relacionarse coas mulleres con respecto e igualdade; educar aos seus fillos e fillas en igualdade; asumir hábitos positivos de relación e convivencia, etc.

Estes criterios poden ser revisados e valorados conxuntamente coa Xunta de Galicia en situacións onde existan condicións excepcionais debidamente xustificadas.

2.2. ESTADOS UNHA VEZ INCLUIDAS AS PERSOAS USUARIAS.

2.2.1. Admitida: A persoa cumpre e segue a cumprir as condicións de inclusión e resto de obrigas establecidas no Regulamento e Convenio.

2.2.2. Non inicio: A persoa non chega a iniciar o proceso terapéutico.

2.2.3. Inactiva: A persoa interrompe a intervención no Programa rexistrando a súa inactividade a partir do último contacto. Este estado ten unha duración máxima de 6 meses.

2.2.4. Abandono: A persoa deixa de estar incluída no Programa:

Criterios

- Non acode ás sesións, contáctase con el/ela e solicita a baixa no Programa.
- Solicita a baixa no Programa.
- Leva máis de 6 meses inactivo ou inactiva no Programa.
- Deixar de cumprir os requisitos de entrada e/ou as obrigas establecidas no Regulamento e no Convenio.
- Ademais do anteriormente citado, será motivo de finalización da intervención, causando baixa no Programa, o incumprimento dos compromisos aceptados ao inicio do tratamento, a evidencia de psicopatoloxía que motive a súa derivación a outro dispositivo máis adecuado ou o comportamento violento durante as sesións, tanto en consulta como fora de consulta.

2.2.5. Ampliación: Consiste na posibilidade de que a persoa usuaria se beneficie de 5 sesións a maiores das 10 sesións de tratamento. Os Programas contan coa posibilidade de 2 ampliacións (5 sesións + 5 sesións excepcionais). No caso do PAPMVX, as segundas ampliacións só se prevén en casos moi específicos, como agresións moi graves ou asasinato, situacións que deben quedar reflectidas na petición de ampliación.

No PAPMVX para as persoas usuarias dependentes o límite inicial de sesións é de 5, ampliábelas a 5 máis.

A totalidade das solicitudes de ampliación deben ser aceptadas pola Coordinación do Programa e aprobadas polo organismo competente da Xunta de Galicia.

Criterios:

- A persoa rematou as 10 sesións de tratamento.
- Ademais:
 - Restan obxectivos do tratamento por alcanzar.
 - Os obxectivos terapéuticos cúmprense, pero sucede algo excepcional relacionado coa situación de violencia que reactiva as reaccións e/ou sintomatoloxía.
 - O impacto da situación de violencia é de gran intensidade, a persoa non consegue integrar a experiencia e dar continuidade a súa vida.

2.2.6. Alta Terapéutica:

- Acádanse obxectivos terapéuticos.

2.2.7. Reincorporación: A persoa deixa o proceso terapéutico e despois dun tempo contacta para dar continuidade ás sesións.

Criterios:

- Conta con sesións pendentes.
- A demanda esta relacionada coa situación de violencia de xénero.
- Especificamente para o PAPMVX, as medidas cautelares están vixentes e/ou non pasaron máis de 3 anos desde que se ditou sentenza firme condenatoria.

2.2.8. Nova inclusión: A persoa estivo dentro do Programa pero xa cursou alta terapéutica por diferentes motivos.

Criterios:

- Os mesmos que se contemplan para a inclusión no Programa.

3. METODOLOXÍA DA INTERVENCIÓN.

O tratamento consistirá nun máximo de 10 sesións, segundo convenio. Con carácter excepcional, e sempre atendendo a motivos vinculados á situación de violencia,

contémplase a posibilidade de solicitar ampliación de sesións. Esta solicitude farase por escrito dirixido á coordinación dos Programas; unha vez concedida a ampliación desde a Xunta de Galicia, a coordinación dos Programas informará por escrito ao/á profesional da Psicoloxía correspondente.

Como se entende que todo tratamento psicolóxico que busque a máxima eficacia debe ser individualizado, non se pretende regulamentar o enfoque terapéutico nin as intervencións específicas das e dos membros acreditados, aínda que o tratamento, nos seus obxectivos e principios psicoterapéuticos, deberá adecuarse ao protocolo.

3.1. FASES DA INTERVENCIÓN.

- Valoración pretratamento con entrevistas ou similares e os instrumentos que se determinen.
- Intervención psicolóxica.
- Valoración postratamento, mesmos instrumentos que na fase de pretratamento.

3.2. PRINCIPIOS DESDE OS QUE INTERVIR.

A intervención psicolóxica dentro dos Programas estará en todo momento rexida polos principios xerais, fundamentais e básicos propios do exercicio da Psicoloxía.

PAPMVX

O traballo deberá facerse desde o coñecemento que na actualidade temos da situación, máis que desde o modelo habitual de traballo do/a profesional da Psicoloxía encargado/a do caso. Isto non significa que deba abandonar o seu modelo habitual senón ter en conta as intervencións psicolóxicas que se demostraron iatroxénicas ao longo da historia do traballo con mulleres vítimas de violencia de xénero e adaptar o seu modelo para evitar ditas intervencións.

1. En todos os casos respectaranse as decisións, crenzas... que a usuaria tome.
2. Está contraindicada calquera intervención que culpabilice á usuaria ou a poña en situación de risco.
3. Están contraindicados os modelos que tratan a violencia como se fora un fenómeno circular no que se posiciona á vítima no mesmo nivel de responsabilidade que ao agresor, que identifican o diagnóstico asociado á sintomatoloxía presentada polas vítimas como causa primaria da violencia. Así como os que só exploran as causas da violencia en motivacións inconscientes.

4. Están contraindicados, en xeral, todas aquelas actuacións que priorizan a pureza/rixidez do modelo máis que a particular situación e ritmo de cada usuaria.
5. Están contraindicadas as intervencións de parella debido ao risco de patoloxización da vítima, á posibilidade de atribución de responsabilidade á mesma, ou ao aumento do risco corrido pola usuaria.
6. Deben evitarse as intervencións paternalistas ou que desautonomizen á usuaria. Da mesma maneira as intervencións que poidan producir revitimización na usuaria.
7. Nos casos con problemas cognitivos está contraindicado sobrecargalas con demasiada información que vai xerar máis confusión nelas e confirmándoas no seu baixo autoconcepto, ao sentir que non entenden/integran todo o que tan amablemente se lles explica.

ABRAMOS O CÍRCULO

O traballo deberá facerse desde o coñecemento que na actualidade temos da situación, máis que desde o modelo habitual de traballo do/a profesional da Psicoloxía encargado/a do caso. Isto non significa que deba abandonar o seu modelo habitual senón ter en conta as intervencións psicolóxicas que se demostraron iatroxénicas ao longo da historia do traballo con homes que exercen violencia e adaptar o seu modelo para evitar ditas intervencións.

1. Está contraindicada calquera intervención que culpabilice á muller ou a poña en situación de risco.
2. As terapias familiares ou de parella están expresamente contraindicadas, durante a fase de intervención psicoeducacional.
3. Están contraindicados os métodos que identifican os factores psicopatolóxicos dalgún dos involucrados como causa primaria da violencia, as intervencións que soamente exploran as causas da violencia e motivacións inconscientes e/ou que tratan a violencia como se fora un proceso circular, emprazando á vítima no mesmo nivel de responsabilidade.
4. Están contraindicados, en xeral, todas aquelas actuacións que priorizan a pureza/rixidez do modelo máis que a particular situación e ritmo de cada usuario.

3.3. ESTRUCTURA DA INTERVENCIÓN.

PAPMVX

As mulleres que teñen vivido ou viven situacións de violencia de xénero poden presentar algún dos síntomas e/ou reaccións, que se describen a continuación, como consecuencia desta situación:

- Síndrome de estrés postraumático.
- Estados ou trastornos dissociativos.
- Trastornos de ansiedade.
- Depresión e trastornos afectivos.
- Trastornos da personalidade.
- Trastornos da alimentación.
- Alcoholismo e adiccións.
- Esquizofrenia.
- Trastornos da aprendizaxe.
- Mala saúde física.
- Risco de suicidio ou homicidio.
- Risco de volver sufrir abuso no futuro.

Isto unido ao segredo no que padeceron a violencia, ten producido todo tipo de diagnósticos médico/psicológico/psiquiátricos (por descoñecemento do feito básico que xera os trastornos) e por tanto de tratamentos que non teñen axudado, as máis das veces, á recuperación destas mulleres, chegando a ser en numerosas ocasións iatroxénicos (perpetuando o sometemento, favorecendo a torpeza cognitiva e condutual da que o home que exerce a violencia a acusa e estando “oficialmente” tola, algo que sempre lle ten repetido a persoa que exerceu a violencia).

É fundamental que a intervención teña en conta a globalidade do feito da violencia de xénero para poder entender e reconceptualizar a sintomatoloxía que a persoa presenta como reaccións normais ante un feito completamente anormal (o exercicio da violencia en calquera das súas formas). Aínda que esta sintomatoloxía pode adoitar diferentes manifestacións e intensidades, temos que ter presente ao longo de todo o proceso cales son as raíces, que estaba pasando nese momento e cal é a función de cada un deses síntomas (resignificación). Poder transmitir esta mirada ás persoas coas que traballamos facilita un proceso de recuperación desde a propia capacidade e posibilidade.

Este proceso de recuperación ten un ritmo determinado e variable que vai depender de múltiples factores internos e externos, por este motivo e para poder facilitar o longo do proceso a nosa dispoñibilidade, convén espazar as sesións asignadas modulando a frecuencia en función das circunstancias e necesidade da persoa. En referencia a este aspecto é importante para potenciar o traballo terapéutico, facilitar

que a muller entre en contacto cos diferentes recursos que existen na comunidade e así tecer redes de apoio e colaboración.

A empatía é un aspecto de especial relevancia o longo de todo o proceso terapéutico. Que se sintan entendidas, escoitadas e non xulgadas de xeito que se xere un clima de confianza fundamental para acadar os obxectivos do tratamento.

O longo de todo o proceso terapéutico é importante traballar de xeito coordinado cos e coas operadoras sociais (Centro de Atención 24 horas, Centros de Información á Muller, Oficinas de Atención á Vítima, Servizos Sociais, avogados/as, oficinas de emprego, Programas de busca activa de emprego, etc.) que con elas traballan ou poñéndolas en contacto cos que poidan serlles de utilidade.

Teremos que ter en conta a diversidade da sintomatoloxía que poden presentar as usuarias para traballar con (máis ben contra) ela, sen esquecer que é a globalidade da situación a que levou á aparición da sintomatoloxía. Esta sintomatoloxía non a deixa funcionar con normalidade e isto habitualmente é atribuído pola usuaria a defectos, enfermidades ou deficiencias súas. No caso de estar tomando algún tratamento psicofarmacolóxico proporcionado polo/a médico/a de cabeceira ou polo/a psiquiatra correspondente -profesionais que normalmente non están informados da violencia á que a usuaria está ou ten estado sometida- é posible que se confirme a súa atribución (non esquezamos tamén que habitualmente o home que exerceu a violencia teraa chamado tola ou enferma con frecuencia, o que tamén confirmaría a súa atribución). Daquí a importancia de dedicar o tempo necesario a que as usuarias muden a atribución sobre a orixe das súas dificultades (cognitivas, sociais, anímicas...).

A idea sería transmitirles que están a ter unha reacción absolutamente normal (reconceptualizar) ante os problemas de violencia que viñeron sufrindo e que imos a traballar xuntos/as para axudala a vencer ditas dificultades. A posterior explicación do círculo da violencia pode axudar no cambio de atribución que buscamos.

Nun segundo momento o tratamento deberá ir dirixido a mellorar a súa autoestima/autoconcepto que pode estar gravemente deteriorado, o traballo en recursos persoais que ten utilizado no pasado ou utiliza actualmente pode estar especialmente indicado. Iniciar actividades que poidan interesarlle e lle sexan a ela ou a outros próximos ou próximas de utilidade poden axudar na mellora da autoestima.

Retomar proxectos persoais abandonados pode colaborar no mesmo proceso. Facer medrar e estender as áreas nas que xa é competente.

A reestruturación cognitiva e técnicas de terapia racional-emotiva poden ser de gran axuda. Isto será asemade beneficioso para o terceiro foco importante de traballo: o logro de maior autonomía persoal e a recuperación do control da súa vida.

É importante abordar os:

- Efectos cognitivos: Sentirse estúpida, torpe, incapaz, inútil, enferma... As reestruturacións cognitivas, por exemplo, están especialmente indicadas.

- Efectos emocionais: Medo, desconfianza, culpa, tristeza, furia, vergoña...
- Efectos condutuais: Falta de habilidades (importante no caso de ter fillos/as menores e/ou adolescentes, dotar de ferramentas para a resolución de problemas e toma de decisións).
- Efectos sociais: Illamento (posiblemente teñan perdido unha parte importante, nalgúns casos, toda a súa rede social e familiar). O noso traballo consistiría en axudalas a recuperala e/ou formar novas redes. En ocasións a única rede da que dispoñen somos nós, os/as profesionais da avogacía, traballadores e traballadoras sociais; polo que cobra especial importancia o traballo en rede entre os e as profesionais implicadas.

Todo o proceso terapéutico abordarase desde a perspectiva de xénero.

ABRAMOS O CÍRCULO

O usuario debe comprometerse a non exercer a violencia desde o inicio do tratamento. Debe facilitárselle dito compromiso tratando de establecer desde o comezo, condutas alternativas (aínda que sexa de forma provisional).

A relación terapéutica co usuario, é unha relación interpersoal; nela debe aprender a relacionarse baseándose nun novo “xogo de poderes”. As aprendizaxes e adestramentos no Programa deben capacitalo para mudar a súa forma de relación interpersoal na súa vida en parella. Na relación cómpre que o poder circule, que tomar a iniciativa non sexa equivalente a tomar o mando, senón a responsabilidade e compromiso. É así como podemos cambiar unha estrutura xerárquica a unha organización horizontal. Na discusión ou o debate, un abre o camiño á discusión e o outro corrixe erros e arbitrariedades. O obxectivo da negociación, non é que gañe un e o outro perda, senón que ámbolos dous saian tendo gañado, máis do que teñen cedido.

O deseño da intervención adaptarase a cada caso individual, manténdose os obxectivos xerais como marco de toda a intervención.

Podendo agrupar os obxectivos específicos en catro grandes áreas:

- Área comportamental.

Refírense ao comportamento explícito do individuo (accións e condutas). Os principais comportamentos problemáticos son:

- Disociar conduta pública e privada.
- Actuar impulsivamente.
- Illarse dos demais.

- Adoptar condutas posesivas e/ou dependentes.
 - Expresar a maioría das súas emocións baixo a forma de anoxo e enfado.
 - Controlar e dominar.
 - Adoptar condutas ríxidas e inflexibles.
 - Tomar decisións unilateralmente.
 - Forzar situacións sexuais.
 - Abusar do alcohol ou drogas.
 - Ter condutas autodestrutivas.
 - Frustrigar, insultar, ameazar.
 - Arrojar e romper obxectos.
 - Golpear, patear, sacudir.
 - Empregar armas e/ou obxectos para atacar.
- Área cognitiva.
- Refírense aos pensamentos, crenzas, suposicións que a cotío se dan.
- Minimizar as consecuencias das súas accións.
 - Soster expectativas elevadas e pouco realistas respecto da muller ou da relación.
 - Non definir a súa conduta como violenta.
 - Crer que a muller é quen provocou a súa reacción.
 - Xustificar a súa conduta baseándose na intención de corrixir ou educar.
 - Crer que o home debe exercer a xefatura no fogar.
 - Crer que a muller e os fillos deben obedecelo.
 - Atribuír a causa da súa conduta a factores externos.
 - Supor ou imaxinar situacións negativas.
 - Percibirse a si mesmo como prexudicado.
- Área afectiva.

Este campo refírese aos sentimentos e emocións dos individuos. Acostuman a caracterizarse por:

- Restrición emocional.
 - Acumulación de estados afectivos que non se expresan.
 - Frustración.
 - Depresión.
 - Autodesvalorización.
 - Sentimentos de impotencia e indefensión.
 - Temores.
 - Insatisfacción.
 - Celos.
 - Necesidade de vinganza.
- Área relacional.
- Elementos específicos do comportamento na súa relación con outras persoas e, sobre todo, coa súa parella:
- Incapacidade comunicacional para expresar os seus desexos e sentimentos de forma asertiva.
 - Confusión de negociación con agresión.
 - Poucos recursos para solucionar os problemas de parella, salvo o maltrato.
 - Baixa capacidade de empatizar.
- Os anteriores aspectos do tratamento (resumo da teoría doutros Programas) deberían cristalizar en intervencións flexibles no noso propio Programa.
- A modo de proposta, poderíase traballar por módulos. Axustando a seguinte secuencia a cada caso:
- Recollida da demanda, asegurar adherencia ao Programa de tratamento, e aumento da motivación interna do usuario para as diferentes intervencións.
 - Posible reencadre da demanda.
 - Responsabilización do seu comportamento. Favorecer *locus* de control interno.
 - Traballo con aspectos fisiolóxicos, condutuais, cognitivos e emocionais que anteceden á conduta violencia.
 - Relaxación (redución do nivel base de activación).

- Tempo fóra.
- Ofrecer un marco integrador, a nivel emocional, da situación pasada, presente e futura da súa relación de parella (e familia).
 - Explicación do círculo da violencia.
 - Explicación das condutas de “control” como negativas para o desenvolvemento “normalizado” dunha convivencia en parella.
- Marco amplo de habilidades sociais, para a redución do illamento social.
- Aspectos de xénero: crenzas desadaptativas respecto aos roles asignados a sexo.
- Prevención de recaídas e preparación para a alta.

Este proceso ten un ritmo determinado e variable que vai depender de múltiples factores internos e externos, por este motivo e para poder facilitar o longo do proceso a nosa dispoñibilidade, convén espazar as sesións asignadas modulando a frecuencia en función das circunstancias e necesidade da persoa.


Por último, ter en conta que se ben é máis probable que un home solicite axuda a un Programa como o noso, no momento que percibe un potencial abandono da súa compañeira, debemos ter moi presente que nas estatísticas e na literatura revisada os procesos de separación e divorcio contéplanse como favorecedores do acoso e a agresión. Por isto debemos ter presente a valoración de risco ao longo de todo o proceso.

4. INTERVENCIÓNS COORDINADAS CON OUTROS SERVIZOS.

4.1. PROTOCOLO GIPCE-PAPMVX PARA SITUACIÓNS DE ASASINATO POR VIOLENCIA DE XÉNERO.


4.1.1. Protocolo de Activación da Demanda.

Este protocolo actívase a través do 112 sempre que suceda unha situación de asasinato por violencia de xénero e as persoas afectadas demanden o servizo.



4.1.2. Protocolo de intervención:

Este protocolo ponse en marcha unha vez que está activada a parella de intervenientes, e finaliza no momento no que se dá por pechada a intervención.



O pago da intervención no caso de intervinientes dobres farase á cargo do PAPMVX

4.2. PROTOCOLO DE ACTUACIÓN PARA A ATENCIÓN PSICOLÓXICA CON INTÉRPRETE DE LINGUA DE SIGNOS ESPAÑOLA PARA PERSOAS XORDAS E XORDOCEGAS

4.2.1. Detección da necesidade de atención psicolóxica a unha persoa xorda ou xordocega.

- a) O coordinador ou coordinadora do Programa (PAPMVX ou Programa Abramos o Círculo) recibe a solicitude de entrada no Programa dunha persoa xorda ou xordocega.
- b) Unha vez constatado que cumpre os requisitos para ser usuaria dese Programa, asígnaselle un/unha profesional da Psicoloxía e prográmase o inicio do proceso terapéutico.
- c) O/A profesional da Psicoloxía asignado contacta (telefonicamente, por sms ou por e-mail) coa persoa usuaria e no prazo de 24-48 horas, sempre que sexa posible, prográmase unha primeira cita de atención psicolóxica. As sesións posteriores fixaranse de forma consensuada entre o/a profesional da Psicoloxía e a persoa usuaria.
- d) A/O profesional da Psicoloxía asignado informará á coordinación do Programa cunha antelación mínima de 24-48 horas do día e hora de cada unha das citas concertadas, para os efectos de que a persoa coordinadora do Programa correspondente tramite a solicitude dun ou dunha intérprete segundo o establecido no apartado 3.2. así mesmo informará da finalización da atención.

4.2.2. Xestión e planificación da demanda dun ou dunha intérprete de lingua de signos ou guía intérprete para persoas xordocegas (SILSE-GI).

- a) A persoa coordinadora do Programa (PAPMVX ou Programa Abramos o Círculo), unha vez detectada a necesidade dun ou dunha intérprete de lingua de signos ou guía intérprete de persoas xordocegas, remite a solicitude á FAXPG.
- b) O coordinador ou coordinadora do Programa (PAPMVX ou Programa Abramos o Círculo) efectuará a solicitude do servizo de intérpretes para cada unha das sesións consensuadas coa persoa xorda/xordocega.
- c) A solicitude á FAXPG farase cunha antelación mínima de 24/48 horas previas á realización da atención, a través dalgunha das seguintes vías:
 - Vía correo electrónico [solicitudsilse@faxpg.es/](mailto:solicitudsilse@faxpg.es) silse@faxpg.es, preferentemente.

- Por teléfono ou por fax nº 981 169 336 / 981 154 316.
- Por SMS, 672 012 222.

A coordinación dos Programas no momento da solicitude facilitará os seguintes datos:

- Programa de atención psicolóxica no que participa a persoa xorda/xordocega.
- Número de sesión.
- Datos da persoa que será atendida.
- Data e hora do servizo.
- Duración estimada.
- Lugar (endereço completo da prestación do servizo).
- Breve descrición do caso da persoa xorda/xordocega se fose posible: características comunicativas (permitirá coñecer a necesidade da presenza de mediación na comunicación ou Guía Intérprete no caso de ser unha persoa xordocega).

- d) A FAXPG unha vez feita a selección do/a profesional, a través dunha listaxe de intérpretes que traballa habitualmente para a FAXPG, notificaralle á coordinación do Programa que fixo a solicitude os seus datos.

O mesmo ou a mesma intérprete dará cobertura a todas as actuacións vinculadas á mesma persoa xorda ou xordocega, agás situacións xustificadas.

O/A intérprete acudirá co rexistro Ficha del SILSE-GI*, que empregará para acreditar a súa asistencia ao servizo e que será asinado polo profesional da Psicoloxía habilitado.

Igualmente, o/a intérprete, asinará un documento-tipo, sobre o deber de confidencialidade respecto de toda a información á que teña acceso durante o exercicio do seu labor de intérprete. Dito documento, facilitado polo/a profesional da Psicoloxía na primeira sesión, será asinado por duplicado exemplar, un exemplar entregárase á persoa usuaria e o outro quedará en poder do/a profesional da Psicoloxía do Programa.

- e) A coordinación de cada un dos Programas de atención psicolóxica informará á Xunta de Galicia a través de correo electrónico da solicitude do servizo de intérpretes facilitando o código da persoa para a que se

solicitou dito servizo, os datos do/a profesional da Psicoloxía asignado, a dirección da atención, día e hora da sesión.

4.2.3. Prestación da atención psicolóxica.

As actuacións vinculadas á atención psicolóxica seguirán as mesmas pautas establecidas para calquera muller ou home que necesite destes Programas.

Lévase a cabo a sesión terapéutica tendo en conta as necesidades comunicativas da persoa xorda ou xordocega, dispoñendo as persoas participantes na intervención da forma máis axeitada para o desenvolvemento da intervención en condicións de accesibilidade á comunicación.

4.2.4. Seguimento e finalización.

No caso de haber algunha incidencia no transcurso ou peche do servizo:

- O persoal do SILSE-GI comunicará a incidencia producida no desenvolvemento do Servizo á persoa Responsable de Calidade da FAXPG (calidad@faxpg.es) para que a rexistre e a xestione.
- En caso de que sexan as coordinacións dos Programas as que fagan unha proposta de mellora, queixa ou reclamación respecto ao servizo de intérpretes poderá realizala a través das vías de solicitude anteriormente descritas ou directamente a calidad@faxpg.es.
- Informarase de calquera incidencia xurdida ao longo do proceso, tanto á coordinación do servizo de intérpretes coma as coordinacións dos Programas e á Xunta de Galicia.
- A/O coordinadora/o do correspondente Programa informará ao final de cada mes, de ser o caso, á Xunta de Galicia da utilización do Servizo de intérprete (SILSE-GI) durante ese mes, aportando o código da persoa usuaria, profesional da Psicoloxía, dirección da atención, número de sesións levadas a cabo co servizo de intérprete e a data e hora de cada unha delas.
- Finalizado o proceso terapéutico, o/a profesional da Psicoloxía asignado ou asignada informa á coordinación do Programa que corresponda e esta á súa vez informará á coordinación do Servizo de intérpretes do peche do proceso terapéutico.
- Finalizado o servizo de interpretación o/a SILSE-GI remitirá a Ficha do SILSE-GI á Coordinación do servizo ao obxecto de evidenciar a realización e duración do mesmo e procederase a xustificación económica.

- A/O coordinadora/o do correspondente Programa comunicarlle á Xunta de Galicia o peche do proceso e a finalización do servizo de intérprete para ese/a usuario/a a través de correo electrónico, aportando número de sesións levadas a cabo e a data de cada unha delas, indicando, de ser o caso, en cales se fixo uso do servizo de intérprete e en cales non.

5. ESTRUCTURA DA INTERVENCIÓN, FACTURACIÓN E ASPECTOS ECONÓMICOS: MATERIAIS DE COORDINACIÓN E MATERIAIS PARA O/A PROFESIONAL DA PSICOLOXÍA.

1. Primeira sesión:

- a. **Información á persoa usuaria:** Nesta primeira sesión explicaráselle en que consiste o Programa, a súa natureza, principios e funcionamento, así como os dereitos e obrigas que debe asumir ao consentir participar no mesmo. A sinatura deste documento é requisito indispensable para iniciar o proceso terapéutico a través dos Programas.
- b. Só aplicable ao PAPMVX. **Compromiso de información entre proxenitores/declaración competencia unipersoal** (só aplicable ao PAPMVX): No caso de que se dea entrada aos menores dentro do Programa para mulleres; menores e outras persoas dependentes, a nai deberá asinar o documento elaborado desde o Programa para tal fin.

Consentimento das persoas coa condición de acompañante (só aplicable á Abramsos o Círculo: Desde Abramsos o Círculo unicamente se presta atención psicolóxica aos homes que directamente a solicitan. Pódese dar a situación que de maneira puntual, se o/a profesional da Psicoloxía e a persoa o consideran, participe en calidade de acompañante outra persoa do círculo da persoa usuaria, coa única finalidade de ter feedback e xamais será obxecto de intervención.

- c. **Demais documentación legal propia do/a profesional da Psicoloxía: consentimento informado sanitario, consentimentos relacionados coa normativa de protección de datos...**

Esta documentación é a que cada profesional da Psicoloxía manexa na súa práctica profesional sanitaria.

2. Sesións 1 a 9:

- a. **Terapia:**

Independentemente do historial clínico, propio de cada un dos/as profesionais da Psicoloxía, cubriranse os campos precisos no portelo cos datos que se solicitan.

b. Facturación:

i. Requisitos forma:

1. Persoa física:

- a) Nome, número colexiación, enderezo, NIF, data, número de factura, debidamente asinadas e seladas.
- b) Débense presentar orixinais ou con sinatura dixital.
- c) O COPG facilita un modelo.

2. Sociedade profesional:

- a) Razón social, CIF, enderezo, número de factura, asinadas e seladas.
- b) Debemos identificar ao/á profesional da Psicoloxía habilitado/a para exercer no Programa.

ii. Requisitos de contido:

1. Separaranse os conceptos por usuario.
2. Débense especificar as datas de realización das sesións. Se nun mesmo día se realiza máis dunha sesión a un mesmo usuario hai que especificalo.
3. **Exclusivo PAPMVX:** Nas facturas con sesións a fillos/as e dependentes da usuaria hai que especificar separadamente cada un deles.
4. **Número IBAN** da conta bancaria onde se debe facer o pago da factura.

iii. Requisitos de contía:

1. **Sesión:** cada sesión facturárase segundo o indicado no convenio de colaboración entre o COPG e a Xunta de Galicia.
2. **Asistencia a xuízo oral:** deberase enviar xunto coa factura xustificante orixinal de asistencia asinado polo xulgado e cédula de citación.
3. **Exención IVE:** Exento de IVE segundo o disposto na Lei 37/1992, de 28 de decembro.
4. **Porcentaxe retención (aplicarase a % de retención que no seu momento esixa a lei).** A facturación a través de Sociedades Limitada e Anónima deben incluír o texto “exento de retención do IRPF, segundo o disposto no Real Decreto 1777/2004, de 30 de xullo.

iv. Prazo presentación:

Segundo as instrucións remitidas anualmente pola Secretaría do COPG.

v. Incidencias:

1. No caso de que as facturas se presenten fóra dos prazos establecidos o COPG non se fará responsable do seu aboamento.
2. As facturas que non se adaptan a estes requisitos serán devoltas ao seu remitente sen aboar, xa que a Administración Pública demanda ao COPG ditos requisitos nas facturas para tramitalas.

3. Sesión 10:

Esta é a última sesión das asignadas no momento en que a persoa é incluída en cada un dos Programas. Nesta sesión o/a profesional da Psicoloxía deberá valorar conxuntamente co usuario a consecución dos obxectivos e a conveniencia de dar continuidade o tratamento. Poderanse dar dúas situacións:

- a. **Alta terapéutica.**
- b. **Solicitud de ampliación.**
- c. Unha vez finalizadas as sesións asignadas para o caso, non poderán levarse a cabo máis sesións para ese doente en concreto.

4. Incidencias:

- a. **Abandono.**
- b. **Cambio do/a profesional da Psicoloxía.**
- c. **Faltas inxustificadas:**
 - i. O/A profesional da Psicoloxía proporcionará os medios necesarios para contactar e establecer unha nova sesión.
 - ii. A falta de implicación e compromiso co proceso terapéutico que se pode manifestar en faltas de asistencia ás sesións sen previo aviso e inxustificadas, impuntualidade de modo reiterado, etc, poderán ser causa de abandono nos Programas.
 - iii. As faltas ou ausencias non serán obxecto de facturación.

5. Outras cuestións de interese:

- a. **Atención fillos e dependentes (exclusivo PAPMVX):** No momento de decidir incluír aos fillos/as e dependentes dun caso asignado, deberá comunicarse á coordinación do Programa indicando o código do caso e número de persoas incluídas. No Programa Abramos o Círculo unicamente se traballa cos homes.
- b. **Medios de comunicación:** nas ocasións en que un/unha profesional da Psicoloxía sexa requirido por algún medio de comunicación para dar información referente aos programas, deberán comunicar con anterioridade ao COPG cando e onde terá lugar a intervención.

6. Solicitudes de certificados e informes:

- a. **Certificado de asistencia:** será elaborado pola coordinación dos Programas cos datos obrantes no portelo. Unha vez elaborado, será remitido ao/á profesional da Psicoloxía e este entregará ao doente.

- b. Cando o/a profesional da Psicoloxía recibe a solicitude dun informe a través do xulgado:**
 - i. De coñecer o requirimento xudicial, a coordinación dos Programas enviará escrito dirixido ao xulgado para especificar as características, natureza e función do Programa e evitar que sexan tratados como peritos.
 - ii. O informe será enviado polo/a profesional da Psicoloxía ao xulgado, e o escrito desde o Programa.
- c. Citación declaración/asistencia a xuízo:**
 - i. Sempre deberá acudirse á sede do xulgado baixo citación xudicial, non debemos aceptar a citación a través dos avogados ou doentes.
 - ii. Enviarase escrito dirixido ao xulgado nos mesmos termos que no punto anterior.
- d. Solicitude informe por parte de usuarios:**
 - i. Lexitimación solicitante:
 - 1. Propio paciente.
 - 2. Menores: pais (patria potestade) ou titores.
 - 3. Incapacitados xudicialmente: representante legal.
 - ii. Non enviar por correo electrónico. Se o facemos en persoa, sinatura acuse de recibo.
- e. Emisión de informe “Detección de Indicios de Risco”.**

Ver protocolo correspondente.